Consellos que van vir moi ben para poder aplicar ás túas composicións fotográficas.

.

1. **A regra dos terzos:**
   Trátase de descompoñer o campo visual en tres partes horizontais e tres verticais. Obtendo 9 partes iguais. O fin é situar os puntos de maior interese da fotografía nas intersecciónns das liñas.



2. **Simetría:**
   A simetría é sempre agradable á vista. Debido a que se produce un equilibrio perfecto, tendo como referente o centro da imaxe, distribuíndose o peso visual de forma igualitaria ao longo da imaxe.

3.Patróns:

Os patróns e as texturas tamén son elementos que o noso cerebro atopa agradables

Tamén se pode utilizar o momento no que rompe o patrón, interrompelo para destacar un elemento expresivo ou contar un historia.

4. **Os detalles:**
   Utilizar os detalles para destacar o fondo. Conseguindo un contraste de perspectivas, cun detalle en primeiro plano que sirva para destacar o fondo da fotografía.

5. **Marcos naturais:**
   Se tes diante de ti, un marco natural xa sexa unha porta, unha árbore, a parte dunha persoa. Que funcionan xa como un marco, aprovéitao para engadir un marco natural á túa imaxe. Serve para outorgar profundidade ás túas capturas e segundo o marco que conseguises podes achegar distintos valores á escena.

6. **Liñas guía:**
   Ás veces a escena que queremos fotografar xa ten liñas que conducen a nosa mirada. Simplemente hai que aproveitalas, obtendo imaxes que destaquen pola capacidade de aproveitar a contorna

7. **Enche o marco:**
   Ás veces enchendo o marco, achegándonos ao obxecto para fotografar podemos captar toda a atención do espectador. Ofrecendo detalle de algo que non estamos afeitos mirar dese xeito, podemos resaltar texturas, dar énfases a un motivo, ou expresar emocións.

8. **Espazo negativo:**
   Os espazos baleiros, poden dar moito xogo nas composicións. Outorgando contraste, xeometría ou expresividade. Unha parede, o ceo. Poden crear e outorgar expresión á composición.

9. **Menos é máis:**
   Ás veces poucos elementos nunha composición poden ser sinónimo dunha gran fotografía. Trátase de dar énfase a un elemento, ou de transmitir algo a través do detalle. Adoitan ser fotografías cargadas dunha gran expresividade.

10. **Cambia o punto de vista:**

Busca novas perspectivas cando te atopes ante un encadre. Sen son típicas escenas, xoga co espazo para lograr un punto alternativo de vista.



11. **A cor:**

Ter un bo coñecemento da teoría da cor, é básico para calquera fotógrafo. Saber que existen combinacións en harmonía e en contraste. E experimentar sobre elas para sacarlle en máximo proveito.

12. **A regra do espazo**:

É unha das máis coñecidas en fotografía. Se temos un elemento que marca un ritmo, como unha mirada, ou un obxecto que sabemos que está en movemento debemos de deixar espazo cara a onde se dirixe ese elemento.

13. **De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:**

En occidente lemos de esquerda a dereita e este costume trasladámola ás imaxes. Estamos afeitos empezar a “ler” a imaxe de esquerda a dereita e de arriba abaixo. Esta regra pódenos axudar a dar certa dinámica ás composicións. Así podemos dicir que onde máis “peso” visual aguanta a composición é no ángulo inferior dereito. Esta claro que podemos intencionadamente romper esta regra para achegar tensión á composición. Pero debemos de ter coidado debido a que podemos crear unha composición demasiado inestable.

14. **Proporción áurea:**

Esta proporción baséase na xeometría. Baséase nun principio matemático, que indica que dúas cantidades atópanse en proporción áurea se a súa proporción é igual á suma de ambas, dividida entre a maior delas. Dáse continuamente na natureza.




15. **Triángulos áureos:**

Esta regra hérdase da antigüidade clásica. E sostén que toda imaxe pode dividirse en catro partes, dividas por dúas diagonais que cruzan de dereita a esquerda, atopándose no centro da imaxe cunha intersección. Os elementos que ocupen o espazo destas liñas, estarán dentro dunha composición harmónica.